

MELIDE

A Xunta expuxo o PXOM para proceder á avaliación ambiental P11

COMARCA

Máis da metade das familias da zona teñen dificultades económicas P16

CULTURA

Frenética actividade nos concellos da zona durante o Nadal P17 e 18

ENTREVISTA



Santiago Quintás, Melimática

“A nosa filosofía é dar un trato personalizado e aconsellar ao cliente” P23

As rebaixas traen descontos de ata o 70% no comercio de Melide

Despois dunha campaña de Nadal “bastante frouxa” o comercio melidense enfila a tempada de rebaixas con boas expectativas e coa esperanza de que os grandes descontos animen as vendas. As rebaixas máis abultadas, de ata o 70%, poderán atoparse no textil e no calzado. Noutros sectores, os descontos oscilan entre o 20 e o 50%. Estas serán as últimas rebaixas antes da entrada en vigor da nova Lei de Comercio, prevista para o 18 de xaneiro P7



Asetem reparte 7.750 euros para a costa de xaneiro




A campaña ‘Este Nadal toca en Melide’ da patronal da comarca repartirá 25 premios. O 25 de xaneiro remata o prazo para presentar as rifas premiadas P3

Os hostaleiros financian o seu propio Noitebús



O servizo de transporte nocturno para os mozos que substitúe ó Noitebús chámase ‘Móvetse a Melide’. Está financiado por un grupo de hostaleiros da vila P12



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@teleline.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 6 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O futuro das pensións

As pensións son un dos elementos esenciais do modelo de protección social do noso país, especialmente para os traballadores para os que, unha vez rematado o seu percorrido laboral, son a única fonte de ingresos.

Hai practicamente un ano que coñecemos que o Goberno central ía proceder a reformar o sistema de pensións. Parece evidente que hai cousas que teñen que cambiar, vista a evolución da economía estatal durante os últimos exercicios, pero cremos que se debería analizar amplamente as consecuencias que poden traer os cambios propostos polo Goberno estatal.

As dúas medidas máis importantes son a ampliación da idade de xubilación, dos 65 aos 67 anos e a ampliación do período de cómputo mínimo para o cálculo da pensión de 15 a 25 anos.

Segundo apuntan diversas investigacións e expertos económicos, a primeira das medidas supoñerá un recorte de entre o 10 e o 16% do importe total que percibirán a maioría dos traballadores. A segunda tamén acarreará unha redución media dun 5% na pensión.

Hai quen ve irremediable aumentar a idade de xubilación, pero o certo é que só outros tres países europeos -Alemaña, Dinamarca e Reino Unido- teñen fixado o retiro da vida laboral por riba dos 65 anos. Baixo o noso punto de vista é unha idade excesiva para manterse activo laboralmente de xeito pleno. O



Goberno estatal xa indicou que contemplará excepcións nos casos de traballos perigosos ou con alta penosidade e nas carreiras de longa cotización. De tódolos xeitos, consideramos que se ven afectadas a maior parte das profesións, porque xa aos 65 determinadas capacidades de todos nós se ven mermadas. A experiencia é un factor moi importante, pero hai outros que se van perdendo co paso dos anos.

Unha das consecuencias pode ser o retraso da incorporación dos mozos ao mercado laboral. Algo que tamén sería un risco para manter saneado o sistema de pensións.

Por outra banda, non comprendemos este afán por aumentar a

idade de xubilación e os anos de cotización cando foi o Goberno o que estivo promocionando as xubilacións anticipadas. Dende hai máis dunha década esta fórmula foi a escollida para solventar determinados problemas económicos nalgúns sectores e incluso para maquillar as cifras do paro. A día de hoxe seguen a promocionarse, coma no caso do proceso de fusións entre entidades financeiras de todo o país que se levou a cabo no último ano.

A reforma das pensións non contentará a tódalas partes. Debería ser aprobada co máximo consenso social, pois aféctanos a todos. Habería que pensar se o referéndum sería a solución oportuna para resolver esta cuestión.

Tribuna de opinión

Móvete a Melide

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Xa en varias ocasións falamos dende estas liñas da necesidade de non resignarnos ante a actual crise económica global que estamos a padecer. Das forzas vivas da sociedade poden emanar iniciativas que nos permitan avanzar, loitar contra o momento que estamos vivindo co afán de buscar solucións axeitadas ás nosas necesidades e poder así mellorar entre todos.

Nesta ocasión queremos resaltar o caso do Noitebús. A Xunta deixou de subvencionar este servizo de transporte nocturno para que os mozos poideran desprazarse ás zonas de movida co inicio do 2011. Ante o efecto prexudicial que esta decisión supón para certas cafeterías, bares, pubs e discotecas de Melide, os seus propietarios decidiron financiar eles mesmo o seu propio servizo.

A iniciativa, proposta por Asetem, foi vista de xeito moi positivo pola maioría dos hostaleiros, que despois de analizar pros e contras se puxeron de acordo para levala a cabo. Os autobuses de 'Móvete a Melide' xa percorren as estradas da Terra de Melide e de varias comarcas limítrofes transportando a mozos e mozas que fan posible que a nosa vila sexa considerada unha das referencias máis importantes da movida galega.

Do mesmo xeito que trasladamos a nosa felicitación a estes hostaleiros pola súa decisión, non podemos comprender a actitude

dunha determinada formación política que se nega a que o Concello de Melide reclame a continuidade deste servizo que beneficia á vila e ó noso porvir, encarnado na figura da nosa mocidade, polo simple feito de que foi un goberno amigo o que tomou a decisión de eliminalo e sabendo que afecta a boa parte do noso tecido económico.

E non o podemos comprender porque o mantemento deste servizo non supón un gran esforzo económico para as arcas da nosa comunidade. Deixando claro que a necesidade do Noitebús revela que aínda queda moito que facer en cuestión de educación e seguridade vial, os nosos políticos deberían deixar de pensar, por un momento, no custo económico do servizo e pensar na repercusión social que teñen os accidentes de tráfico nos que se dá unha clara combinación de mocidade, alcol e velocidade ao volante. Non só estamos a falar do sufrimento das familias, senón tamén da perda dunha sabía moi valiosa para a nosa sociedade. Hai localidades en Galicia -por sorte non é o caso de Melide- onde moitos membros dunha mesma xeración perderon a vida. Todos recordamos o sinistro no que faleceron catro mozos de Friol cando regresaban ás súas casas tras pasar unha noite de festa en Melide. O Noitebús evitou que unha desgraza destas características se volviera repetir na nosa comarca, sinal de que o servizo é eficiente.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros 'Río Furelos'

AGRADECEMENTOS: M^a Pilar López, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norpremsa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	17
-COLABORACIÓNS.....	20
-AXENDA.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Repartiranse 20 premios que acumulan unha cantidade total de 7.750 euros

Extráense os números premiados da campaña 'Este Nadal toca en Melide'

Os agraciados teñen ata o 25 de xaneiro para presentar as rifas en Asetem

A sorte xa está botada para os agraciados da campaña 'Este Nadal toca en Melide', que organiza tradicionalmente a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca).

O pasado 10 de xaneiro, o salón de actos da patronal melidense acolleu o sorteo dos boletos premiados, que se fixo polo sistema de man inocente e ante notario. O proceso foi seguido por numeroso público, entre comerciantes e consumidores. Todos tomaban nota dos números que se ían sacando para saber se repartiran algún premio ou se resultarían afortunados, respectivamente.

En total extraéronse 50 números, a metade como titulares e a outra en concepto de reserva. Cada número ten a súa correspondente cifra de reserva, que non poderá ser presentada en lugar doutro número principal, aínda que sexa dun premio da mesma cuantía económica. Así mesmo, de non aparecer o posuidor do número titular e terse presentado o boleto premiado coa reserva, o premio será adxudicado a este último.

A lista de números esta exposta dende o día 12 de xaneiro nos 100 establecementos de toda a localidade que participaron na campaña.

Entrega dos premios

Os agraciados terán de prazo ata o 25 de xaneiro, ás 13.00 horas, para presentar rifas premiadas, tanto as titulares como as de reserva, na sede de Asetem, na rúa Lino Sexto Sánchez, 2 baixo.

Os premios serán entregados nun acto organizado pola patronal. Entregaranse vales de 50 euros que os posuidores deberán gastar nos comercios que participaron na promoción.



Extracción dun dos números premiados na campaña de Nadal

Participación "masiva" dos comerciantes e boa acollida do público

Tralo remate da campaña, Asetem-Cca felicítase pola participación "masiva" dos comerciantes, xa que se inscribiron uns 100 establecementos da vila. Ademais, dende a asociación agradecen a "boa acollida" da campaña entre o sector comercial, que repartiu máis de 70.000 boletos entre os seus clientes.

Por unha banda, a promoción buscaba fomentar as compras no comercio da vila e, pola outra, era un xeito de "premiar a fidelidade" dos clientes dos establecementos. "A campaña xa é coñecida pola gran maioría da nosa clientela, que xa ten asumida a dinámica de xogo e aprecia que con cada compra lle regalemos as rifas", indican varios comerciantes.

Con respecto ás vendas, os comerciantes aseguran que "notouse a diferenza con respecto a outros anos, debido á crise". Os consumidores apuraron as súas compras os días previos ás festividades coma o 25 de decembro ou o día de Reis, cando os comercios da vila permaneceron abertos ata ben avanzada a tarde. "O resto dos días as vendas estiveron bastante paradas", aseguraron comerciantes de diversos sectores.

Ademais dos premios en metálico, 'Este Nadal toca en Melide' tamén repartiu agasallos variados, que se sortearon a través de Radio Melide ata o pasado 7 de xaneiro. Os agraciados levaron para as súas casas lotes de bebidas, un xogo de maletas, complementos para o fogar, varias prendas de vestir tanto para señora e cabaleiro como para nenos, ademais de varios vales de compra de 60 euros e diferentes lotes de produtos gastronómicos variados.

Números premiados

1º PREMIO - 3.000 EUROS

47.749 (Calzados Broz)
Reserva: 14.079 (Xoiería Silvela)

2º PREMIO- 1.000 EUROS

29.804 (Froitas Gallego)
Reserva: 31.814 (Autorrecamb. Ángel)

3º PREMIO- 250 EUROS

231 (Ribeirao)
Reserva: 41.543 (Calzados Broz)
71.444 (Zapatería Tanuska)
Reserva: 20.507 (CC Xestión)
24.713 (Est. Servizo Corredoiras)
Reserva: 35.065 (Panadería Toques)

4º PREMIO - 200 EUROS

10.194 (Q' me compro)
Reserva: 59.127 (Est. Serv. Corredoiras)
17.336 (O Sapo Lambón)
Reserva: 55.091 (Q' me compro)
55.538 (Expert Melide)
Reserva: 40.892 (Estanco Angarela)
16.552 (Fisio-Vida)
Reserva: 70.327 (Xoiería Roval)
66.163 (Xoiería Oro Ley)
Reserva: 15.761 (Imprenta Meligraf)
6.043 (Estanco Angarela)
Reserva: 10.547 (Leivamotosport)

64.926 (Xoiería Roval)

Reserva: 51.807 (Pescados Manolo)
23.537 (Larpeiradas)
Reserva: 61.347 (Pescados Manolo)
55.987 (Supermercado Vilasoa)
Reserva: 10.291 (Q' me compro)
3.473 (Ortopedia Ortosaúde)
Reserva: 48.517 (Perfumería Lyss)

5º PREMIO- 100 EUROS

31.514 (Xiganet)
Reserva: 64.625 (Xoiería Roval)
3.463 (Ortopedia Ortosaúde)
Reserva: 4.506 (Comercial Pampín)
21.448 (Seguros Bilbao)
Reserva: 23.560 (Larpeiradas)
63.407 (Xoiería Roval)
Reserva: 68.711 (Muxica Tenda Xoven)
19.763 (Cociñas Buján)
Reserva: 25.223 (Pescados Abel)
71.864 (Estanco Angarela)
Reserva: 20.807 (Expert Melide)
41.266 (Calzados Broz)
Reserva: 791 (Eurocadena)
39.428 (Leivamotosport)
Reserva: 70.639 (Xoiería Roval)
49.005 (Xoiería Roval)
Reserva: 10.772 (Leivamotosport)
34.594 (Calzados Broz)
Reserva: 46.910 (Centro Comerc. Ares)

Aprobada definitivamente a nova Lei de Comercio

Un mes antes das rebaixas non poderán facerse promocións co mesmo nome

Só poderá haber unha feira de oportunidades ao ano, con comercios locais

O pasado 14 de decembro, o Parlamento galego aprobaba a nova Lei de Comercio Interior de Galicia, que substitúe a anterior normativa, que levaba en vigor máis de dúas décadas.

A nova lexislación farase efectiva a partir do 18 de xaneiro, xa que despois de publicarse no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado 29 de decembro, ten que transcorrer un período de 20 días para a súa entrada en vigor.

O texto aprobouse con certo retraso respecto á previsión da Xunta, que o presentou ó sector en marzo de 2010.

A nova normativa establece cambios na aplicación das promocións antes do período de rebaixas, regula a celebración das feiras de oportunidades, estipula un estrito réxime sancionador e promove a creación de novos órganos para regular a actividade comercial.

Rebaixas

A nova lei impide as promocións e saldos nos días previos ós períodos oficiais de rebaixas. Establécese que os comer-



As feiras de oportunidades, coma Mercamelide, quedarán limitadas a unha por ano

cios non poderán realizar prácticas promocionais deste tipo no mes anterior ó inicio das rebaixas. Contémplanse excepcións no caso dos produtos alimentarios ou para as vendas de produtos existentes sen que a acción supere os oito días de duración.

Feiras de oportunidades

As feiras de oportunidades quedan limitadas a unha ao ano, se ven se poderá celebrar unha segunda coa autorización correspondente da Dirección Xeral de Comercio. Deberán ter unha duración máxima de tres días. Dous tercios dos comerciantes que participen na feira deberán exercer a súa actividade no concello no que se celebre. Deste xeito ponse couto á proliferación masiva deste tipo de actividades organizadas por comerciantes foráneos.

Grandes superficies

As instalacións con máis de 2.500 metros cadrados de superficie de explotación precisarán autorización autonómica. Os concellos só poderán autorizar a apertura de centros comerciais cun tamaño inferior ós 2.500 metros cadrados.

Para obter o permiso autonómico, a instalación deberá contar cos informes positivos das consellerías competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, medio ambiente e transporte, ademais de ter o visto bo do concello onde se vaia empregar.

Réxime sancionador

Exercer a actividade comercial sen autorización, vender artigos defectuosos sen ser baixo a categoría de saldo ou o incumprimento do calendario de rebaixas son algunhas das prácticas que poderán ser cas-

tigadas cunha multa de ata 50.000 euros. As infraccións moi graves irán dende esta contía ata o millón de euros.

As leves implicarán o apercibimento ou multas que poden elevarse ata os 1.500 euros. As infraccións graves estarán penalizadas con cantidades entre os 1.501 e os 50.000 euros. Estas cifras poderán ser actualizadas en función do IPC.

Rotulación

Trala aprobación da nova normativa, cada comerciante terá liberdade para empregar o galego ou o castelán na rotulación do seu establecemento. O borrador da norma que redactara o bipartito recollía que a sinalización comercial tiña que estar redactada "polo menos en galego" e que os empregados deberían expresarse en galego cando fose ésta a lingua que empregara o cliente.

Novos órganos

O texto aprobado recentemente fala da creación de catro novos órganos que regularán a actividade comercial da comunidade.

Serán o Rexistro Galego de Comercio, un censo actualizado dos establecementos comerciais así como das asociacións de comerciantes da comunidade. A inscrición nel será obrigatoria e gratuíta e condición indispensable para optar ás liñas de axuda convocadas pola Administración galega.

O Observatorio do Comercio funcionará como órgano asesor, consultivo, de estudo e formación en materia de comercio. Tal e como explica a nova normativa, adicarase á elaboración de plans estratéxicos para a modernización do tecido comercial mediante a xestión e divulgación de coñecemento e información en materia de comercio.

O Consello Galego de Comercio terá como obxectivo asesorar e colaborar coa Administración autonómica na ordenación da actividade comercial para garantir a defensa dos intereses xerais en materia de comercio, segundo establece a nova lexislación.

En cada concello galego existirá unha Mesa local de Comercio, que actuará como coordinadora entre a Administración local e os representantes do sector comercial. Estará formada por un membro de cada unha das asociacións de comerciantes do concello e o mesmo número de representantes da Administración municipal, ademais dun representante da autonómica. Debera reunirse unha vez ao ano, como mínimo.

Oro Ley
Taller Propio
Rúa de San Pedro, 14
15800 Melide (A Coruña)
Telf. 981 505 468

Arreglos de Costura
Costur-Mel
Tfno.: 675 26 26 63
Otero Pedrayo, nº 4 - 15800 MELIDE (A Coruña)



RESTAURANTE

Reservados · Despedidas

Cumpleaños · Bautizos

Pequeños Eventos · Cenas de empresa



**Rúa do Convento, 7
Melide
15800**

**Tlf: 981 505 325
restaurantecasaquinzan@gmail.com**

Empresarios do polígono de Melide denuncian falta de limpeza e o deterioro de varias rúas

A maleza invade
as beirarrúas e
hai numerosos
sumidoiros sen
protección

O aspecto do polígono industrial da Madanela, en Melide, é cada vez máis deplorable. Á marxe do feito de que moitas das parcelas que están sen edificar acumulan todo tipo de desperdicios, a maleza invade as beirarrúas. Toxos, silvas e demais arbustos forman parte da paisaxe cotiá do parque empresarial. Nalgúns casos chegan a invadir a calzada. Toda clase de herbas e plantas medran nas xuntas entre as beirarrúas e o asfalto.

Ademais, hai unha ducia de sumidoiros que se atopan sen a tapa de protección, o que supón un perigo para as persoas e vehículos que a diario transitan polo parque empresarial. En moitos deles o lixo acumúlase impedindo que as arquetas asimilen a auga nos días de chuvia. De feito, hai unha zona que se asolaga totalmente ó non estar canalizada a auga que discorre polos



A maleza invade totalmente as beirarrúas en varias zonas



A auga sen canalizar anega algunhas rúas do polígono



Algún dos sumidoiros está tapado con elementos inaxeitados



Imaxe dunha arqueta sen tapa na que medra a maleza

terreos próximos ó polígono.

Os empresarios aseguran que reclamaron en repetidas ocasións ao Concello que procedera á limpeza das zonas co-

múns do parque industrial, sen que ata o momento obtiveran ningún resultado.

As protestas dos empresarios tamén se refiren ao sumi-

nistro de luz e auga. Quéixanse de que habitualmente teñen problemas porque a potencia de abastecemento da auga non é suficiente para que poidan

traballar a pleno rendemento tódalas firmas que teñen as súas instalacións na Madanela. A situación é similar no caso do suministro eléctrico.



**MARMOLERÍA
MELIDE S.L.L.**

Fábrica y oficinas:

Parque Empresarial de Melide. Parcela nº. 42.
Tfno./Fax: 981 505 518
15800 MELIDE (A Coruña)

Móviles: 639 685 931
639 685 349
639 685 994

Automóviles



Ovidio Jesús Río Río y Jonathan Río

A su disposición NUEVAS INSTALACIONES EN EL POLÍGONO DE A MADANELA, nave 5
Tfños.: 981 50 76 25 - móvil: 619 70 91 14 - Avda. de Lugo, 95 - 15800 MELIDE (A Coruña)

manuel@transierra.es • auto@transierra@yahoo.es • sierra@movistarnet

AUTO TRANSIERRA

TRANSPORTE DE VEHICULOS NACIONAL E INTERNACIONAL

www.transierra.es

Parque Empresarial A Madaneta
Parc. 79, 15.800. MELIDE. A CORUÑA

Tel y Fax: 981 507 910
Movil: 610 523 450
610 523 451



Servicio semanal desde GALICIA-ASTURIAS-PAÍS VASCO-MADRID-VALENCIA-BARCELONA A
FRANCIA-BELGICA-HOLANDA-LUXEMBURGO-ALEMANIA-SUIZA-ITALIA-AUSTRIA-PORTUGAL

CONSULTAR OTROS DESTINOS



ferrallas VULCANO

Tfno./Fax: 981 505 107
Móvil: 639 666 801
ferrallasvulcano@ferrallasvulcano.com
Pol. Ind. Madanela, Parc. 106 C-3
15800 MELIDE (A Coruña)

[illegible]

Deleitar[®]
eco

 **LASURGAL**
LÁCTEOS Y SUEROS DE GALICIA

P.E. A Madanela, Parcelas 44-48
15800 MELIDE (A Coruña)
Tel.: 981 50 64 09 - Fax: 981 81 53 65

Comezan as rebaixas máis agresivas dos últimos anos, con descontos de ata o 70%

Son as últimas antes da entrada en vigor da nova Lei de Comercio

Os adornos de Nadal deron paso aos carteis de rebaixas nas tendas de Melide. A diferenza doutros anos, o día 7 de xaneiro xa eran moitos os establecementos da vila nos que locían os carteis de descontos para chamar a atención dos consumidores.

Os comerciantes falan dunha campaña de Nadal “bastante frouxa”, na que as vendas só se animaron os días previos a Reis. “O resto do tempo as vendas estiveron bastante paradas”, confirman comerciantes de diferentes sectores. Din apreciar bastante diferenza con respecto ao Nadal do ano pasado.

Dende o comezo, as rebaixas chegan con porcentaxes de



Os descontos xa locen dende hai días nas tendas de Melide

desconto bastante amplas, que poden acadar o 70% no caso da roupa ou o calzado, os produtos que tradicionalmente máis saída teñen nestas datas. Noutros sectores as rebaixas oscilan entre o 20% como mínimo e o 50%, podendo aumentar nas últimas semanas da tempada.

Con estes incentivos, os co-

merciantes prevén que a campaña poida mellorar as cifras de vendas dos últimos meses do ano.

Con todo, a previsión de gasto para Galicia reducirase un 13% por habitante respecto ao ano pasado, segundo a Federación de Usuarios-Consumidores Independientes (FUCI). Cada galego gastará

uns 78 euros de media.

Promocións anteriores

A crise provocou que algúns dos establecementos da vila optaran por facer promocións especiais durante o Nadal, con promocións de compra 2x1 ou incluso descontos de ata o 50%. Unha práctica que non se poderá repetir na próxima tempada de rebaixas, pois está prohibida pola nova Lei de Comercio, que entrará en vigor o 18 de xaneiro.

Reparto de cartelería

Como cada ano, Asetem-Cca dispón da cartelería oficial de rebaixas facilitada pola Federación Galega de Comercio. Os interesados poderán recollela nas oficinas da asociación, na rúa Lino Sexto Sánchez.

Segundo a normativa, os comercios poden decidir libremente o seu período de rebaixas, sempre entre o 7 de xaneiro e o 7 de abril.

Asetem continúa co reparto de bolsas ao comercio

Asetem-Cca segue a repartir bolsas de papel para o comercio asociado. Trátase dun servizo que leva prestando a patronal melidense dende hai varios anos e que é totalmente gratuíto para os socios.

Cada comerciante ten dereito a un lote de 100 bolsas que poderá combinar como desexe entre os tamaños pequeno, mediano e grande.

Este ano, as bolsas teñen un novo deseño, fomentando a imaxe do CCA ao incluír o lema ‘Mercar en Melide, todo un acerto’.

Os interesados poderán pasar a recollelas pola sede de Asetem-Cca, na rúa Lino Sexto Sánchez, 2, de Melide.

Tamén está dispoñible o calendario laboral para 2011, facilitado pola Confederación de Empresarios da Coruña.



moda

REBAIXAS

Camisas
antes 33 €
agora 20 €

Polares
antes 35€
agora 23€

Parkas señora
antes 85 €
agora 67€

Tfno: 981 942 415
Ronda de La Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)

Total normalidade durante as primeiras xornadas de aplicación da lei antitabaco

Os hostaleiros da comarca tildan a norma de “drástica”

A nova lei antitabaco que prohíbe fumar en tódolos espazos públicos estase respetando escrupulosamente na comarca da Terra de Melide. Así o aseguran numerosos hostaleiros consultados, que indican que non se rexistraron problemas graves á hora da posta en práctica da nova lexislación.

Non obstante, durante os primeiros días houbo “varios despistados” que acenderon os seus cigarros no interior de bares ou cafeterías, feito polo que foron advertidos polos hostaleiros e tralo que accederon a saír fóra dos establecementos.

A proba de lume

A primeira fin de semama trala entrada en vigor da lei transformouse nunha verdadeira proba de lume, xa que había que ver como se comportaba no ambiente da vida nocturna. No caso de Melide, respetouse a lei en tódolos locais. Non obstante, houbo varios casos de persoas



Algúns bares de Melide colocaron os cinseiros nas terrazas

que acenderon os seus cigarros no interior dos pubs e discotecas, segundo indicaron varias testemuñas. Moitos dos mozos que saen a Melide agradecen a aprobación da lei, porque “estase máis a gusto nos locais e é beneficioso para a nosa saúde”.

Lei “moi drástica”

Os hostaleiros queíxanse de que a lei é “moi drástica” e “tremendamente restritiva”. Aseguran que a nova norma prexudicará “moito” a economía do sector, que xa está gravemente afectada pola crise. “Agora non era o momento de aprobar esta lei, porque moitos clientes deixarán de vir. É un pao moi grande para os

nosos ingresos”, aseguran.

Din que xa non serven tantos cafés a media mañá nin na sobremesa. “Os que máis consumen son os fumadores”, argumentan.

Sancións

Fumar en lugares onde está prohibido considérase unha falta leve. Se se fai de xeito alzado, a multa será de ata 30 euros, pero se a conduta se repite ata tres veces, pasará a considerarse falta grave e a multa estará entre os 601 e os 100.000 euros.

Se a infracción se comete nun establecemento hostaleiro, o propietario tamén deberá afrontar unha multa entre 601 e os 100.000 euros.

O escaparate virtual de Asetem xa conta con numerosas propostas



Vista do escaparate virtual de Asetem-Cca

Hai dous meses comezou a funcionar o escaparate virtual de Asetem-Cca, no que o comercio melidense ten unha fiestra aberta ao mundo para amosar en tempo real as súas ofertas.

Este proxecto foi visto como unha ferramenta que pode dotar de maior competitividade ao comercio local, axudando á súa modernización.

Dende que a iniciativa se puxo en marcha xa foron numerosos comercios os que apostaron por participar na páxina web, que xa ofrece variadas ofertas para todo tipo de públicos.

A firma melidense Rural Tec traballa na configuración

desta páxina web, á que se pode acceder a través da dirección www.mercamelidevirtual.com/.es.

Gratuito

A participación nesta novidosa iniciativa é gratuíta para todos os comercios asociados. Aqueles que desexen contar cun espazo propio na web deben poñerse en contacto con Asetem-Cca.

O escaparate virtual busca ser unha ferramenta sinxela e funcional para que os comerciantes a poidan utilizar dende o seu propio negocio e así colocar na rede as ofertas coas que contén puntualmente no seu negocio.

As claves da nova lexislación

A nova lei prohíbe fumar en tódolos lugares públicos pechados, salvo algunha excepción, e ademais introduce outros aspectos.

Na **hostelería** permítese fumar en zonas ao aire libre, aqueles espazos non cubertos ou os que estean cubertos e rodeados lateralmente por un máximo de dúas paredes.

Non se poderá fumar nos recintos dos **parques infantís** e áreas ou zonas de xogo para a infancia, así como nos recintos dos **centros sanitarios e hospitais**.

Os **hoteles** poderán reservar ata un 30% das habitacións para os fumadores, pero deberán estar separadas do resto.

Elimínanse as zonas reservadas para fumadores nos aeroportos, estacións

ferroviarias e de autobuses.

Prohíbese o fume do tabaco en tódolos **medios de comunicación**, incluídos os servizos da sociedade da información, a emisión de programas ou de imaxes nas que os presentadores, colaboradores ou convidados aparezan fumando, mencionen ou amosen marcas, nomes comerciais, ou outros sinais identificativas ou asociadas a produtos do tabaco.

A nova lei permite fumar nos espazos ao aire libre dos **centros universitarios** e dos adicados exclusivamente á formación de adultos, sempre que non sexa nos accesos inmediatos aos edificios.

Poderase fumar nos **clubes privados de fumadores**, entidades con personalidade xurídica, carentes de ánimo

de lucro y que non inclúen entre as súas actividades ou obxecto social a comercialización ou compravenda de bens o produtos consumibles. Ademais, non se permitirá a entrada a menores de idade.

Tamén se poderá fumar nos **estadios e prazas de touros**, aínda que só nas zonas que estean ao descuberto.

Está permitido fumar nos **centros penitenciarios, psiquiátricos e residencias de maiores ou para persoas con discapacidades**, sempre que sexa nas zonas exteriores dos edificios ou en salas habilitadas ao efecto, que deberán estar sinalizadas e cun sistema de ventilación independente.

Autorízanse as vendas de tabaco nas tendas das **gasolinerías**.

O Goberno central rebaixa o imposto de sociedades ás pequenas empresas

Dentro das medidas de aprobadas en decembro de 2010 polo Goberno central para combater a crise inclúese a rebaixa do imposto de Sociedades para as pequenas e medianas empresas (pemes).

Por unha parte, ampliase o concepto de empresa de tamaño reducido ao elevarse de 8 a 10 millóns de euros o límite da cifra de negocios que permite acollerse ao réxime especial de entidades de reducida dimensión, que tributan ao tipo reducido do 25% fronte ao 30% do réxime xeral. Permítese que as pemes con estas características poidan seguir acolléndose ao réxime reducido durante os tres exercicios posteriores a aquel no que

superen o novo límite de 10 millóns de euros.

Por outra banda, auméntase de 120.000 a 300.000 euros de beneficios o importa ata o cal a base impositiva das pemes se gravaba co tipo reducido do 25%.

Trámites máis simples

O Executivo central aprobou medidas destinadas a acurtar prazos, eliminar trámites e reducir custos na creación de novas empresas, co que pretenden impulsar o espírito emprendedor. Esta reforma permitirá que os trámites necesarios para a creación de sociedades con responsabilidade limitada poidan facerse nun prazo de entre un e cinco días.



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1. Plan RENOVE de Equipos de Climatización, convocatoria para o ano 2010.

(DOG nº 248, do 28 de Decembro de 2010)
Obxecto.- Mellora da eficiencia enerxética, mediante a renovación das instalacións existentes de equipos de produción de calor ou frío, por outros de alta eficiencia enerxética.

Actuacións subvencionables.- Caldeiras de Condensación, Equipos de Aire Acondicionado, Bombas de calor, con potencia nominal térmica de entre 5 e 70 Kw; que cumpran certos requisitos técnicos e cuxas marcas e modelos se atopen na Listaxe que publica o INEGA ao efecto.

Contía: Ata 3.840 € (según equipo), cun máximo do 25% do custo total da obra.

Beneficiarios: Persoas físicas e xurídicas de dereito público ou privado propietarias de vivendas ou edificios do sector terciario.

Vixencia do plan: Ata o 30/06/2011

Entidades colaboradoras: Entidades privadas con personalidade xurídica ou empresarios individuais, con domicilio social ou centro de traballo en Galicia e que acrediten solvencia técnica e económica.

Adhesión entidades colaboradoras:

- a) Adhesión simplificada (renovación). 15 días hábiles dende o comenzo de vixencia do plan
- b) Adhesión ordinaria. Durante toda a vixencia do plan.

2. Convocatoria axudas PROGRAMA ALUGA, 2011 (DOG nº 250, do 30 de Decembro de 2010)

INQUILINOS:

Beneficiarios, requisitos.

- Ser titular dun contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do Programa Aluga.
- Que a vivenda sexa a súa residencia habitual e permanente.
- Que non exista parentesco ata 2º grao por consanguinidade ou afinidade co arrendador ou non ser partícipe na entidade arrendadora.
- Ingresos anuais ponderados ata o 3.5 IPREM e non ser titular doutra vivenda.
- Estar ao día no pago do aluguer.

Contía: Pode acadar entre un 30% e un 70% do aluguer, según os ingresos da unidade

familiar ou de convivencia. Como mínimo a renda anual que debe aboar o inquilino será do 20% dos ingresos anuais ponderados da unidade familiar.

Prazo de presentación: Antes do día 10 do mes da data de efectos do contrato de arrendamento formalizado ao abeiro do Programa Aluga.

ARRENDADOR:

a) Subvención para reformas.

Contía: Ata o 75% da reforma, máximos 3.000€ / 5.000€

Prazo presentación: Ata o día 15 do mes seguinte á formalización do contrato de aluguer.

b) Subvención para gastos derivados do aluguer, baixo o programa Aluga do 2010.

Contía: Ata 50% do último recibo do IBI, máximo 100 €.

Prazo presentación: Ata o 31/03/2011.

3. Axudas do IGAPE ao sector de comercio polo miúdo, complementarias á liña de financiamento de circulante subsidiado e avalado para autónomos e microempresas (PLAN RE-SOLVE)

(DOG nº 237, do 13 de decembro de 2010)

Prorróga do prazo de presentación de solicitudes, ata o 31 de marzo de 2011.

4. Subvencións a titulares de autorizacións de transporte da serie VT-N para instalar sistemas de seguranza, información, cobramento e localización nos seus vehículos, ano 2011.

(DOG nº 251, do 31 de Decembro de 2010)

Gastos subvencionables:

- a) Sistema GPS, conectado con CAE112 Galicia e homologado por este organismo.
- b) Taxímetro con impresora e TPV para cobro con tarxeta compatible con sistema GPS, homologado por CAE112 Galicia.
- c) Sistema de control de frotas con elementos de xestión, localización e control por satélite, conectados a un centro de control mediante tecnoloxía GPS.

Beneficiarios: Titulares de autorizacións VT-N, vixentes no momento da solicitude e domiciliadas en Galicia.

Contía: Ata o 50% do custo de cada equipo, máximo 500€ por elemento.

Prazo: Ata o 31 de Marzo de 2011.

Reseña fiscal e laboral

1. Salario Mínimo Interprofesional para 2011 (SMI) (BOE nº 318, do 31 de Decembro de 2010)

-O SMI para agricultura, industria ou servizos, queda fixado en 21,38 €/día; 641,40 €/mes ou 8.979,60 €/ano. No SMI compútase unicamente a retribución en diñeiro, sen o salario en especie poida dar lugar á minoración da contía íntegra en diñeiro daquel.

•Outras contías:

-Traballadores eventuais ou temporeiros: 30,39 €/xornada

-Empregados de fogar: 5,02 €/hora efectivamente traballada.

2. O **interese legal do diñeiro** queda fixado para 2011 no 4%. Asimesmo, o interese de demora xudicial será dun 6% e o de demora tributaria será do 5%.

Fíxase o interese de demora nas operacións comerciais para o primeiro semestre de 2011 nun 8%.

3. Sobre as **pensións** hai que sinalar, en primeiro lugar, que as contributivas (con excepción das pensións mínimas e as derivadas do antigo SOVI) foron excluídas de revalorización, quedando, polo tanto, conxeladas.

Para as pensións contributivas mínimas, as non contributivas e as do SOVI, establececese una revalorización do 1%.

4. Particularidades de cotización no Réxime Especial Traballadores Autónomos 2011

A base mínima de cotización será de 850,20 €/mes e a base máxima será de 3.230,10 €/mes.

Para autónomos que a 01/01/2011 teñan menos de 48 anos ou ben, que nesa data, teñan 48 ou 49 anos e que a súa base de cotización fose igual ou superior a 1.665,90 €; a base de cotización será a elixida por eles entre as bases de cotización mencionadas no apartado anterior.

Para os autónomos que a 01/01/2011 teñan 48 ou 49 anos e que a súa base de cotización fose inferior a 1.665,90 €/mes, a base máxima de cotización será de 1.682,70; salvo que soliciten base de cuantía superior antes do 30/06/2011 (con efectos do 01/07/2011).

A base de cotización para autónomos que a 01/01/2011 tiveran 50 ou máis anos estará comprendida entre 916,50 e 1.682,70 €/mes. Sen embargo, autónomos que con anterioridade ós 50 anos cotizaran en calquera réxime da Seguridade Social durante 5 ou máis anos, rexiránse polas seguintes regras:

a) Se a última base de cotización acreditada fose igual ou inferior a 1.665,90 €/mes, poderán elixir unha base comprendida entre 850,20 ou 1.682,70 €/mes.

b) Se a última base de cotización acreditada fose superior a 1.665,90 €/mes, cotizarán por unha base comprendida entre 850,20 €/mes e o importe da última base acreditada (incrementada nunha porcentaxe igual o aumento que experimentara a base máxima de cotización a éste Réxime)

5. Extensión da acción protectora por continxencias profesionais ós traballadores do Réxime Especial de Empregados do Fogar.

Con efectos do 01/01/2011, os traballadores incluídos no Réxime Especial de Empregados do Fogar terán a cobertura por Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais.

A cotización por este concepto correrá a cargo exclusivo do empregador; salvo cando o empregado de fogar preste servizos con carácter parcial ou discontinuo para un ou máis empregadores, en cuxo caso será a cargo do empregado.

6. IPREM 2011.

O IPREM terá as seguintes cuantías para 2011: 17,75 €/diario; 532,51 €/mensual; e 6.390,13 €/anual.

No suposto de que a referencia ó Salario Mínimo Interprofesional anual fora substituído polo IPREM, a cuantía anual será de 7.455,14 euros; salvo que expresamente exclúan as pagas extraordinarias. Neste caso, a cuantía será de 6.390,13 euros.

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión

Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto

Rda. da Coruña, 16
981507978

Caixanova

Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol

Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín

981505504

Canteras Prebetong

Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar

Ctra. Lugo km 46,
Melide

981505418

Carpintería**José Vilela**

Lg. de Piñor, 14
667435808

Carpintería Laya

Rua Palas de Rei, 8
981505283

Eypar, S.A.

Madanela
981507203

Maderas**Ovidio Leiva**

Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro

Rda. da Coruña, 34
981505013

Andón Zapatería

Galicia, 26
981507896

Área de Servicio**O Rañao**

O Rañao s/n, Melide
981506473

Autorecambios**Ángel**

Avda. de Lugo, 4
981505251

Bambi

Rosaleda, 5
981507536

Bensar

Novoa Santos, 10
981506165

Berencello

Rúa do Convento, 2
661815976

Bodejas Mejuto

Rda. de Pontevedra, 74
981505004

Calitex

Galicia, 4
981505154

Carnicería Mella

Progreso, 16
981507556

Carnicería Penas

Avda. de Lugo, 35
981505916

Casa das Lucas

Alexandre Bóveda, 11
981505111

Casa Juanito

Mateo S. Bugueiro, 39
981505103

Casa Santos

Avda. de Lugo, 8
981505396

Centro Comercial**Ares**

Rda. da Coruña, 27
981505053

Cociñas M. Buján

Avda. de Lugo, 99
981507421

Comercial Pampín

Cantón de S. Roque, 4
981506142

Confecciones**Cardigan**

Convento, 20
981505110

Cristalería González

Agüeiros, 44
981507016

Cubiertas**Hermanos Blanco**

Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco

988335294

Decoré

Rúa do Convento, 1
661779193

Deportes López

Avda da Habana, 5
981505425

Distribuciones**Mella**

Xoán XXIII
981506068

Distribuciones**Pascual**

Avda. Lalín, 24
981506150

Estanco Angarela

Progreso, 9
981506096

Electricidade Vilela

Avda de América, 34
981505900

Electrotel 2000

Florentino Cuevillas, 18
981507171

Escayolas Sito

Rda. Pontevedra, 75
981505951

Espomasa

Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques

981505971

Establecimientos**El Mueble**

Rda. Pontevedra, 2
981505089

Estación de Servicio

Corredoiras
Corredoiras, 14,

Boimorto

981516004

Eurocadena

Cantón de S. Roque, 9
670292917

Expert-Melide

Rda. da Coruña, 32
981507855

Floristería Chelo

Alhóndiga, s/n
981505876

Floristería Maru

Convento, 9
981507580

Floristería Tarrío

Amador Rguez, 7
981506164

Froitas León

Progreso, 24
619469453

Frutas Gallego e**Hijos**

Laberco, s/n, Arzúa
981500429

Frutas Nati

Pol. Ind. A Madanela
600448092

Fuciños Rivas

Rda. da Coruña
981505047

Hijos de Casal**Mariño**

E. Álvarez Carballido, 1
981505310

Imaxina

Florentino Cuevillas, 4
881957087

Imprenta Meligraf

Rúa Galicia, 26
981506256

Inpugal

Rda. de Pontevedra, 107
981507647

Iris Melide

Emilia Pardo Bazán, 11
981507806

Jim Sports**Technology**

Madanela S/N
981506434

José Xaneiro

Avda. Toques, 57
981505335

Joyería Oro Ley

Rúa de San Pedro, 14
981505468

Joyería Silvela

Rda. da Coruña, 40
981505997

Lácteos Terra de**Melide**

Orois, Melide
981808009

Larpeiradas

Praza do Instituto, 4-3º
981505688

Leiva Motosport

Rda. da Coruña, 52
981507334

Librería Cousas

Avda. da Habana, 29
981505775

Librería Victorio

Taboada Roca, 1
981505055

M&M Moda

Rda. da Coruña, 58
981942415

Marvi

Rúa do Convento, 16
981507194

Melimática

Otero Pedrayo, 6
981507881

Mobles Ares

Rda. da Coruña, 62
981505564

Modas El Dándolo

Convento, 15
981506370

Modas Manuel

Rda. da Coruña, 68
981507377

Motor Melide

Pol. Ind. A Madanela
981507031

Muebles Paula

Ctra. Lugo, km 46,
Melide

981505734

Multiprecio Cousas

Novoa Santos, 25
981507474

Muxica Tenda**Xoven**

Rúa do Convento, 36
981506366

O Carrizo

Avda. de Lugo, 83
615360089

Óptica Abal

Rda. da Coruña, 20
981506097

Ortopedia Ortosáude

Rda. Pontevedra, 16
981507874

Panadería Tahona

Avda. da Habana, 7
981505127

Panadería e**Pastelería Toques**

Avda. de Lugo, 31
981505181

Per lei

Rúa de San Pedro, 10
981507437

Perfumería Lyss

Rda. da Coruña, 44
981507684

Pescados Abel

Ovedo, 16
609823079

Pescados e**Mariscos Manolo**

Rosaleda, 10
629812029

Pinturas Mejuto

Vimianzo, Santiso
981193494

Q me compro

Alexandre Bóveda, 16
981505149

Ramón Cabado

Avda. Toques, 30
981505137

Ramón Pampín

Bango
Rda. de Pontevedra, 105

981507526

Ribeirao

Convento, 12
981505018

Sanoguera

Fotografía
Rda. de Pontevedra, 45

981507360

Silvia Novias

Rda. de Pontevedra, 48
981507174

Cooperativa**Melisanto**

Agüeiros s/n, Melide
981506026

Suministros

Industriales Cire
Pol. Ind. A Madanela,

parc. 22

981507954

Súper Vilasoa

Xesús Bal Gay, 6
627240011

Supermercados**García**

Rda. da Coruña, 14
981815400

Supermercados**Gómez**

Amador Rodríguez, 3
981507027

Xebre

Rúa de San Pedro, 16
981505723

Xoiería Roval

Alexandre Bóveda, 12
981505431

Zapatería Tanuska

Cantón de S. Roque, 14
981505793

CONSTRU-
CIÓN**Barreiro Lodeiro, J.**

Baltar, Melide
981515386

C.S.A.

Convento, 15-1º Izq.
981507374

Calefacciones Rois

Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo

981804404

Cervisa Sistemas**Metálicos**

Pol. Ind. A Madanela,
981507176

Const. M. Espiño

Concepción Arenal, 5
981507729

Const. Leonardo

Miguélez
Santa María, Melide

981505273

Const. Martínez**Cordido**

Dr. Fleming, 1
981506051

Const. Orois

Codeseira, Melide
981507374

Const. Pambre

Fdez. Castro, 8
981505859

Const. Pichel Hnos

Avda. Estación, 2, Lalín
986780759

Costoya Varela, J.

Rda. Pontevedra, 51 1º Iz.
981507089

Escayolas**Jesús Fociños**

Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña

981170550

Excavaciones


A Xunta expuxo o PXOM previo paso á declaración ambiental

As observacións teranse en conta no documento de impacto ambiental

A Xunta de Galicia, a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas expuxo unha copia do anteproxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Melide antes de sometelo ó proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica.

Deste xeito, dende o pasado 13 de decembro ata o 12 de xaneiro foi posible consultar o documento e facer observacións que serán tidas en conta na elaboración do documento definitivo do proceso de Avaliación Ambiental.

Dende o Concello de Melide aclararon que non se trata da exposición pública do PXOM. As observacións que calquera veciño pode facer serán tidas en conta pola Xunta para a re-



Entidades e particulares presentaron alegacións ao proxecto

dacción do documento de impacto ambiental, cuxa valoración debe ser positiva para que o planeamento poida continuar a súa tramitación. “Non son alegacións ao propio documento do PXOM”, subliñaron dende o Concello.

Alegacións

Asetem-Cca, a Asociación de Empresarios do Polígono da Madanela e varios empresarios particulares presentaron alegacións ao PXOM dado que no documento se contempla como zona preferente de ex-

pansión industrial a zona sur do casco urbano, a carón da carretera da Agolada.

Os empresarios solicitaron a ampliación do actual polígono, ademais de que se recoñeza a existencia de industrias e empresas situadas nas súas inmediacións. Argumentan a existencia consolidada do actual polígono dende hai 25 anos e engaden que dispón de tódolos servizos necesarios para o seu funcionamento. Reclaman que se desafecte un tramo do LIC para proceder á súa ampliación.

Melide chora a morte do cura Antonio Mourelle

Homenaxean a Rodríguez Pampín



Momento da homenaxe ao crego Rodríguez Pampín

O pasado 24 de decembro falecía en Monterroso o cura Antonio García Mourelle, o que fora párroco de Melide durante máis de 40 anos.

Durante este Nadal moitos melidenses choraron a súa falta. Moitos recordan o seu bo facer, sobre todo con cativos e mozos, a quen o cura tiña especial cariño.

A pesar de que dende hai uns dous anos xa non era o sacerdote titular, Mourelle seguía mantendo contacto coa parroquia melidense.

Rodríguez Pampín

O Concello de Melide tributou unha homenaxe ao crego Xosé Manuel Rodríguez Pampín, dándolle o seu nome a unha rúa da vila. O pleno de Melide tomara esta decisión o 25 de febreiro de 1998, un ano despois da morte do párroco.

Os presentes na homenaxe lembraron a figura deste recoñecido galeguista que tivo entre os seus méritos o Premio Nacional de Tradución, recibido en 1990, pola súa tradución da Biblia ao galego.

Río Furelos celebrará a súa asemblea anual o 29 de xaneiro

O Valedor do Pobo admite unha queixa do colectivo contra o Concello

A Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide celebrará a súa asemblea xeral ordinaria o próximo 29 de xaneiro.

Na xuntanza, a directiva informará sobre as xestións levadas a cabo durante o 2010. Ademais aprobaranse os orzamentos para este exercicio e o programa de actividades previstas. Tamén se actualizará a lista de socios e se fixará a cota dos asociados para este ano.

A reunión anual celebrárase ás 12.00 horas no salón de actos do Edificio Multiusos de Melide. Os socios que non poidan asistir poderán delegar o seu voto.



Momento da asemblea xeral de 2010

Queixa ao Valedor

Os troiteiros melidenses interpuñeron unha queixa contra o Concello ante o Valedor do Pobo, que foi admitida a trámite por este organismo. A protesta débese á falta de resposta do consistorio melidense ante a demanda de información sobre a concesión de licencias de actividade de varias firmas, sobre as que os troiteiros aseguran que “non

cumpren coa normativa requirida ao tipo de actividade que desempeñan”. A información foi solicitada en abril de 2010 e, tras non recibir resposta, presentaron queixa ante o Valedor a comezos de decembro.

O presidente do colectivo, Xavier Pazo, lamenta o feito de ter que levar a cabo este trámite, “perfectamente evitable se o Concello nos dese a información solicitada”.

Protección Civil e Policía Local estrean vehículos



Equipo de Protección Civil de Melide

Os voluntarios de Protección Civil e a Policía Local de Melide recibiron hai uns días un novo todoterreo e unha moto por parte da Consellería de Presidencia.

O coche foi asignado ó Concello de Melide a través da liña de subvencións da Xunta vinculadas aos concellos con aeroxeneradores no seu territorio. Deste xeito, o Con-

cello non ten que asumir ningún custo. O novo vehículo de Protección Civil está preparado para intervencións en tarefas de protección ambiental.

No caso da motocicleta, tamén foi adquirida grazas ó diñeiro procedente do canon eólico, que permite que os concellos galegos se beneficien por primeira vez das explotacións eólicas.

Hostaleiros financian 'Móvete a Melide', o substituto do Noitebús

Realiza sete rutas, con paradas en 18 concellos de varias comarcas dos arredores

Melide é o primeiro caso en Galicia no que o sector privado pon en marcha este servizo



Unha moza volta á casa en autobús tras saír en Melide

Sábado 8 de xaneiro, 12 da noite, Melide. Ducias de mozos chegados de varios concellos das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra descenden de autobuses dispostos a pasar unha noite de troula. Ata aquí todo normal, non sendo que, a diferenza con outros sábados, o servizo de transporte que utilizan xa non está financiado pola Xunta, como era o caso do Noitebús, senón que está custeado por un grupo duns 40 hostaleiros locais. É o 'Móvete a Melide'.

Ao coñecer a supresión do Noitebús por parte do Goberno galego, a Asociación de Empresarios Terra de Melide contactou cos propietarios de pubs, discotecas e bares para propoñerlle a posta en marcha dun servizo de transporte propio. Os empresarios locais decidiron poñelo en funcionamento a primeira fin de semana sen Noitebús.

"O principal obxectivo é evitar os accidentes, ademais de manter viva a marcha en Melide, que é un importante pilar para a economía da hostelería", argumenta a presidenta de Asetem, Sonia Valiño.

Melide convértese no primeiro caso en Galicia no que os empresarios da hostelería -apoiados por varios negocios relacionados co sector- decidiron costear eles mesmo o servizo de transporte nocturno.

Tres euros

O custo do 'Móvete a Melide' para os usuarios será de tres euros por ida, só 0,50 euros

máis que o Noitebús. A volta será gratis sempre e cando o usuario faga unha consumición nos locais que se adheriron á iniciativa, que son a práctica maioría de pubs e discotecas melidenses.

Pola súa banda, os hostaleiros deberán abonar uns 1.300 euros mensuais, dos que o Concello de Melide aportará un 10 por cento. Os propietarios dos locais pagarán unha cota semanal de entre 20 e 50 euros, dependendo de se son bares, cafeterías, pubs ou discotecas.

O actual sistema, que presta a empresa Meijide, contempla sete rutas, con saídas dende Lalín, Friol, Teixeira, Toques, Antas de Ulla, Vila de Cruces e Arca do Pino. Son tres traxectos menos dos que había ata agora, pero cubren o mesmo territorio e incluso chegan a vilas como Touro ou Arca do Pino polas que antes non pasaba ningunha ruta de Noitebús con destino Melide.

Recollida de firmas

Na loita contra supresión do Noitebús, o Concello de Melide, en colaboración con Asetem-Cca e os hostaleiros iniciaron unha campaña de recollida de firmas que presentarán ante a Xunta para pedir que se volva a implantar o servizo de transporte nocturno para a mocidade.

Miles de persoas xa apoiaron esta iniciativa coa súa sinatura. A campaña segue en marcha nos negocios da localidade.

Novas rutas

1. Lalín-Melide: saída de Lalín ás 22.00 horas, pasando por Rodeiro (22.15), Agolada (22.30) e chegada a Melide. Volta ás 07.00 horas.

2. Friol-Melide: saída de Friol ás 23.30 horas, pasando por Sobrado (23.45), Corredoiras (00.00), Boimorto (00.15), Arzúa (00.30) e chegada a Melide. Volta ás 07.00 horas.

3. Teixeira-Melide: saída de Teixeira ás 22.00 horas, pasando por Curtis (22.15), Présaras (22.30), Corredoiras (22.35) e chegada a Melide. Volta ás 07.00 horas.

4. Toques-Melide: saída de Toques ás 22.45 horas e chegada a Melide. Volta ás 05.00 horas.

5. Antas de Ulla-Melide: saída de Antas ás 23.15 horas, pasando por Taboada (23.30), Monterroso (23.45), Palas de Rei (00.00) e chegada a Melide. Volta ás 05.30 horas.

6. Vila de Cruces-Melide: saída de Vila de Cruces ás 23.45 horas, pasando por Visantón (00.00) e chegada a Melide. Volta ás 05.30 horas.

7. Arca-Melide: saída de Arca ás 22.30 horas, pasando por Touro (22.45), Arzúa (23.00) e chegada a Melide. Volta ás 05.30 horas.

O PP alude a "importantes desaxustes económicos" que reflexa un informe oficial

O PP melidense alertou recentemente da "situación límite" que vive o Concello de Melide no aspecto económico tomando como referencia un informe oficial elaborado pola Deputación da Coruña no que se fala de "importantes desaxustes económicos".

A voceira do PP de Melide, Ánxeles Vázquez, presentou en rolda de prensa o documento económico-financiero que analiza a evolución das arcas municipais dende o 2006 ata o 2009. Segundo a versión dos populares, que se basean neste informe oficial, a débeda que o concello ten coas entidades bancarias incrementouse nun 100% no período antes mencionado, pasando de 1,2 millóns de euros a 2,4 millóns. Ademais, as facturas sen recoñecer multiplicáronse por catro, pasando de 489.708 euros a máis de 1,6 millóns no 2009. Deste xeito, "o remanente de tesourería axustado sería moi

negativo". Ademais, o informe facilitado polo PP aos medios de comunicación fala da existencia de desviacións negativas superiores a un millón de euros.

Así as cousas, Vázquez acusou á rexedora municipal de "maquillar as contas e ocultar a verdadeira situación económica do Concello".

O documento recomenda "vixiar o exacto cumprimento do plan de saneamento financeiro e a adopción das medidas de reaxuste necesarias para corrixir as desviacións que se poideran producir". Neste senso, Vázquez reiterou a petición dunha auditoría das contas municipais. "No caso de non realizala confirmaría que o equipo de goberno ten moito que ocultar", subliñou.

Pola súa banda, dende o Concello de Melide aseguraron que a xestión económica destes últimos anos "permitiu sanear pouco a pouco os estragos de 16 anos do PP".

Expertos apostan polo cooperativismo para paliar a crise do agro



Nas xornadas participaron máis de 150 persoas

As VI Xornadas Agrarias Galegas, celebradas o 17 e 18 de decembro, trouxeron a Melide numerosos expertos nos sectores gandeiro e forestal.

Organizadas pola Federación Rural Galega (Fruga), nas xornadas fíxose unha análise da situación actual do agro na comunidade. Os expertos situaron o cooperativismo como a mellor fórmula para paliar a crise que vive o agro nestes momentos.

Máis de 150 persoas partici-

paron nas diversas actividades programadas, tales como a análise e comparativa dos custos de produción das explotacións de leite intensivas e extensivas. Tamén mediante análises de casos concretos, varios gandeiros falan dos custos de produción de varias explotacións ubicadas na montaña luguesa, ademais dos dun cebadeiro de vacún.

Varios gandeiros deron conta da súa experiencia co uso de Banco de Terras.



Praza da Herba, 8 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Rúa Principal, 6 - 15800 MELIDE (A Coruña)

PUB
a noite
MELIDE

Emilia Pardo Bazán, 6 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Cafetería MARTA

Tfno.: 981 50 53 46 • Cantón de San Roque, 25 - MELIDE




Rúa Principal, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)



Cafe Vagalume

Ciber Billares Salón de TV

Cantón de San Roque • 15800 MELIDE



Expropiados do vial Melide-Ribadulla agardan agora a taxación dos seus bens

Os propietarios asinaron as actas previas a finais de decembro

Os propietarios dos bens e dereitos que deben ser expropiados para proceder á mellora da estrada que une o casco urbano de Melide con Ribadulla e Visantoña (Santiso) asinaron a finais de decembro as actas previas de expropiación. Deste xeito, arranca a reforma do vial, que foi reclamada polos veciños de varias parroquias de Santiso e Melide dende hai uns 20 anos.

Coa sinatura das actas previas, os propietarios recibiron unha descrición dos bens e a superficie que lles será expropiada, pero aínda non coñecen



As marcas para as expropiacións xa están colocadas

a indemnización que percibirán en cada caso.

Técnicos da empresa adxudicataria da expropiación, Estudio Técnico Gallego, indicaron aos propietarios que informarán dos valores de taxación e comezarán a percibir as indemnizacións “nun par de meses”, segundo confirmou o

presidente da asociación O Noso Lar de Visantoña, Manuel Adán, quen se amosou confiado en que “os valores sexan xustos”.

Dende este colectivo aseguran que os traballos “avanzan segundo o previsto”. Os técnicos xa marcaron as zonas que se expropiarán.

Esperan a apertura da oficina para o fomento cooperativo de Santiso

A Oficina de Fomento Cooperativo do Concello de Santiso permanece pechada ao público dende o final de 2010, ao rematar a axuda concedida pola Xunta de Galicia para esta instalación.

Esta oficina está adicada á promoción e fomento das cooperativas como instrumento útil para que os produtores do rural desenvolvan distintas actividades económicas.

A responsable da oficina amosouse confiada en que a partir de finais de xaneiro ou de febreiro o Goberno galego convoque unha nova orde de axudas para que a instalación poida volver abrir as súas portas. Deste xeito, a oficina seguirá funcionando ao longo de todo o ano.

Creación de cooperativas

A Oficina de Fomento Cooperativo comezou a funcionar en outubro do pasado ano. Dende

aquelas mantiveron varias reunións en Barazón, Ribadulla ou Arcediago para informar á veciñanza do seu traballo.

O fomento da creación de cooperativas onde se asocien os pequenos produtores é o principal obxectivo da oficina, que tamén informa sobre as axudas e subvencións das consellerías de Medio Rural e Traballo e Benestar, ademais do apoio ó desenvolvemento de actividades relacionadas co cooperativismo a través de cursos e xornadas.

A encargada da oficina indicou que nas diversas reunións mantidas, os veciños se amosaron moi interesados en varios proxectos, como a cría da chamada galiña piñeira.

No pouco tempo durante o que estiveron traballando, xa conseguiron buscarlle saída á produción de varios veciños a través da relación con varias cooperativas e empresas.

OS MUÑOS ENMEIGADOS

O carón da Ulla, sita entre dúas provincias, aloparades un máxico muíño, cheo de monchos, sapos, bruxas, demós, trasgos e diaños...

Cada fin de semana, todos participaremos no **Couxueu** para quedar libres dos males da fiosa ialma e de todo **Embruxamento**.

OS MUÑOS ENMEIGADOS

A túa pecadora lingua disfrutará dunha boa cociña galega

Aberto a partir das 11:00 h

Sinte a forza do ar, vento, mar e terra

Pechado os mércores, vispera de festivo non

Tlfs: 981 191 171 - 699 171 295

Barazón (Ponte Arcediago)

Santiso - A Coruña

OS MUÑOS ENMEIGADOS

A túa pecadora lingua disfrutará dunha boa cociña galega

Aberto a partir das 11:00 h

Sinte a forza do ar, vento, mar e terra

MELIDE

Ponte Arcediago

Rio Ulla

AGOLADA

OS MUÑOS ENMEIGADOS

Comeza un curso sobre creación de empresas para parados en Toques

Os participantes farán plans de empresa e de marketing reais

Asesorar ós futuros emprendedores na súas tarefas á fronte da creación dunha empresa é o obxectivo do curso que comezará nos vindeiros meses en Toques.

No marco do programa Rede Xiana que desenvolve a Deputación da Coruña, a acción formativa está dirixida a

persoas desempregadas inscritos no Inem, procedentes dos concellos de Arzúa, Boimorto, Melide, Santiso, Sobrado, Toques e Vilasantar.

Outro dos requisitos que deben cumprir os participantes, segundo confirmou a responsable da Rede Xiana en Toques, é ter unha idea concreta do proxecto que queiran desenvolver.

Durante o curso, os alumnos elaborarán un plan de empresa e un plan de marketing, que "serán aptos para presentar ante os bancos para a concesión de préstamos ou ante

calquera administración", indicou a responsable do programa. Asimesmo, recibirán asesoramento sobre aspectos económicos e laborais, trámites administrativos e diferentes subvencións e axudas.

Os interesados poderán anotarse ata o 20 de xaneiro nos seus respectivos concellos de orixe, onde deberán contactar co axente de emprego para inscribirse. Está previsto que o curso comece ao longo do mes de febreiro.

Ata o momento está por determinar se será semipresencial ou a través de Internet.

Nova charla do grupo UTM23 o 27 de xaneiro

O equipo técnico do Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR-UTM23) ofrecerá unha charla aberta a tódolos públicos para informar das axudas do programa Leader. A sesión celebrase o próximo 27 de xaneiro -xoves- ás 21.00 horas no Telecentro da Cooperativa Melisanto, ubicado na rúa Coudeseira de Melide.

O obxectivo do grupo é fomentar o desenvolvemento rural dos dez concellos que engloba -Arzúa, Boimorto, Curtis, Melide, O Pino, Santiso, Sobrado dos Monxes, Toques,

Touro e Vilasantar- mediante a potenciación de proxectos produtivos de diversificación e dinamización da economía do rural e xeradores de emprego.

O grupo, no que está integradas varias entidades da comarca, como Asetem ou a Cooperativa Melisanto, proporcionará asesoramento a aqueles proxectos produtivos de diversificación e dinamización da economía no rural, así como de xeración de postos de emprego. Calquera particular pode presentar o seu proxecto e o equipo técnico encargarse de asesoralo.

Guía de hostelería

TOQUES
Panadería
Pastelería
Cafetería

Pollos asados para levar.

Tfno.: 981 50 51 81
Avda. de Lugo, 31 - 15800 MELIDE (A Coruña)
Souto - TOQUES (A Coruña)

Cafetería IVORY

DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Tfno.: 981 50 70 05
Cantón de San Roque, 1

15800 MELIDE (A Coruña)

Bar-Parrillada Carburo

Saturno y Dora

Tfno.: 981 50 49 07
Villamor - TOQUES (A Coruña)

Mesón-Pulpería ALONGOS II

XORNADA DO COCIDO TÓDOLOS MARTES

Cocido completo, viño da casa, tarta de castañas, café e chupito de orujo por 18 euros

Pulpo - Bacalao - Cocidos (por encarga)
Entrecot de boi á pedra
Porco ibérico á grella

Tfno.: 981 50 75 10 - Móvil: 615 36 00 89
Avda. de Lugo, 22 - MELIDE (A Coruña)

IMPRENTA eligraf

Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

ANÚNCIATE NO CERNE

O xornal da Terra de Melide

663687322
981506188

info@asetem.com

Máis da metade das familias da zona chegan a fin de mes con dificultade

Aumentan un 3% os ingresos medios ao mes dos fogares no último ano

O 51,56% das familias da comarca da Terra de Melide e concellos limítrofes chegan a fin de mes con dificultade. Así o reflicten os últimos datos da enquisa de condicións de vida das familias -elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE)- correspondente ao exercicio de 2009.

Esta porcentaxe aumentou case catro puntos porcentuais con respecto ao ano 2008 (47,96%). Non obstante, diminuíu lixeiramente se se teñen en conta as cifras correspondentes ao 2007, cando o 52,74% dos fogares acadaban o fin do mes con dificultades.

O dato de 2009 sitúase bastante por riba da media galega, que segundo a enquisa do IGE está no 42,2%. En relación con outras zonas da provincia coruñesa, a comarca de Melide e



No último ano aumentou o poder adquisitivo na zona

as súas lindeiras é onde se atopa o maior número de familias que sofren atrancos económicos para pechar cada mensuralidade, seguida de preto pola Costa da Morte (51,06%).

Segundo a enquisa, son un 30,39% os fogares que chegan con facilidade a final de mes, fronte a un 18,05% os que declaran ter moita dificultade.

Maior poder adquisitivo

Pese aos datos anteriores, en 2009 aumentou o poder adquisitivo das familias da comarca. O ingreso medio

mensual por fogar sitúase no 2009 nos 1.916 euros, o respecto ao ano anterior evidencia un aumento do 3% e dun 8% se se compara co exercicio de 2007, cando os ingresos medios das familias eran de 1.757 euros mensuais.

A pesar deste incremento, a comarca de Melide é a segunda cun nivel máis baixo de ingresos en toda a provincia, despois da área da Costa da Morte. A media de ingresos mensuais por fogar na comarca de Melide no 2009 foi 94 euros inferior á cifra global de toda a comunidade.

Curso de informática para tódalas idades en Sobrado

As clases impartiranse dende o 18 de xaneiro no Edificio Multiusos



Haberá tres grupos, segundos as idades dos alumnos

O Concello de Sobrado pon en marcha un curso de informática para tódalas idades, que comezará o próximo día 18 de xaneiro.

A acción formativa terá contidos específicos dependendo da idade dos alumnos. Deste xeito, formaranse tres grupos. O primeiro, con idades comprendidas entre os 8 e os 16 anos. Outro grupo estará destinado aos adultos, dende os 16 ata os 60 anos. E aquelas persoas con máis de 60 anos formarán o grupo de informá-

tica para a terceira idade, segundo informaron dende o propio Concello.

As clases impartiranse dende o próximo 18 de xaneiro, martes, na aula de informática do edificio de Usos Múltiples da vila.

A actividade terá unha duración aproximada de cinco meses, ata o mes de maio.

Os interesados poden inscribirse nas oficinas do Concello de Sobrado ou solicitar información a través do número 981787508.

**ASETEM-CCA agasalla
ós seus socios unha
memoria USB gratis**

Infórmate no 981506188

SERVICIOS INMOBILIARIOS
COMPRA - VENTA - ALQUILERES - COMUNIDADES - ADMINISTRACIÓN

BETTI
ETI 0316

C/Romero Donallo, Nº1
Entreplanta
Tel. y Fax: 981 59 65 38
15706 SANTIAGO de COMPOSTELA
<http://personales.ya.com/inmobetti/>
e-mail: BETTI1@terra.es

**POR LA ALTA DEMANDA DE NUESTROS CLIENTES,
NECESITAMOS QUE NOS CONFÍE
SU VIVIENDA EN ALQUILER**



**Tenda degustación de
queixo e produtos
artesanais de calidade
Novas intalacións en
Rúa San Pedro, 16
Melide**

Tenda Tlf/fax: 981505723
Queixería Tlf/fax: 981100252

Balada - Visantóna
15809 Santiso

xebre@telefonica.net

SERVICIO INTEGRAL DE
LIMPIEZA Y REFORMAS
A EMPRESAS Y
PARTICULARES

COMUNIDADES, OFICINAS,
LOCALES, COLEGIOS,
EDIFICIOS, NAVES
SERVICIO POR HORAS



Servicio 24 horas
tlf: 693 826 868

Teléfonos
693 826 868 - Melide
661 765 606 - Santiago
limpiezayreformasnoelia@yahoo.es

A actividade foi frenética durante o Nadal, con multitude de iniciativas para os cativos



Festival de Panxoliñas. O Nadal comezou en Melide cun festival de panxoliñas, no que actuaron a Coral de Melide -que organizou o acto en colaboración co Concello-, a de Bergantiños e o grupo de canto Aleceia de Teo.



Nadal nas parroquias. O Concello de Melide organizou sesións de Contacontos, con Anxo Moure, nos locais sociais de catro parroquias do municipio, ás que acudiron cativos de todo o concello grazas ó transporte gratuíto.



Patinaxe sobre xeo. Os cativos de Sobrado dos Monxes desprazáronse o pasado 23 de decembro ao Coliseum da Coruña para practicar patinaxe sobre xeo. Os rapaces gozaron con esta actividade, a pesar das múltiples caídas.



Campamento nadalenco. No concello de Toques, un nutrido grupo de rapaces participou durante os días 27, 28, 29 e 30 de decembro nas diversas actividades do campamento nadalenco organizado dende o Concello.



Campamento en Santiso. Cunha auténtica festa e comida de luxo, os cativos que participaron no campamento de Nadal en Santiso, que se celebrou do 27 de decembro ao 5 de xaneiro, despedíronse desta actividade ata o próximo ano.



Visita de Papá Noel. Santa Claus sorprendeu ós alumnos dos colexios de Arcediago e Visantoña (Santiso) cunha visita o día 22 de decembro con pequenos agasallos. Os rapaces entregáronlle as súas cartas.

Os Reis Magos chegaron ateigados de agasallos a tódolos recunchos da comarca



Concurrida cabalgata. Ducias de persoas desafiaron á chuvia en Melide para saudar de preto ós Reis Magos. Percorrendo as rúas céntricas da vila, a cabalgata deixaba un regueiro de caramelos aos seu paso.



Os Magos de Oriente en Toques. A cabalgata de Toques foi organizada pola Asociación Cultural-Deportiva 'A Toca' que xa leva 15 anos consecutivos facéndoa. Durante os tres últimos anos conta coa colaboración do Concello de Toques.



Entrega de agasallos. Os Magos de Oriente repartiron centos de agasallos en Melide aos pequenos que se achegaron a falar con eles na igrexa parroquial. Os rapaces, moi abraiados, fixéronlle entrega das súas cartas.



Os Reis en Santiso. Os tres Magos chegaron ataviados coas súas mellores galas ao Concello de Santiso e, dende alí, percorreron varias parroquias acompañados polo seu paxe particular.



O día despois. A resaca do día de Reis deixou en toda a comarca os contenedores cheos de caixas e cartóns de xoguetes, os agasallos máis requeridos polos máis pequenos da nosa bisbarra.



Concerto de Aninovo. Os 35 músicos da orquestra Melide Vida Musical deron o II concerto de Aninovo. Interpretaron pezas clásicas e contemporáneas, todo elo vestidos de época, no que supuxo o peche das actividades de Nadal na vila.

ESPECIAL XACOBEO 2010

O Xacobeo 2010 despídese cunha marca de peregrinos

Máis de 23.000 camiñantes pernoctaron no albergue de Melide

Rematado o Xacobeo 2010 é hora de facer balance. En canto ao número de peregrinos que transcorreron por Melide rexistrouse un aumento do 20% con respecto ao Xacobeo do 2004. Este ano visitaron Melide máis de 20.000 peregrinos, segundo os datos da Oficina de Turismo.

Atendendo aos datos de pernoctacións no albergue da vila, foron máis de 23.000 as persoas que pasaron noite.

Non obstante, estes datos non poden considerarse definitivos, posto que moitos dos camiñantes durmiron en establecementos privados.

Dende a Oficina Turística destacan que os meses de maior afluencia foron agosto, setembro e outubro. En canto ás pernoctacións, os meses



O albergue de Melide abriu as súas portas no mes de xullo

máis concurridos foron agosto, con 4.616, seguido de xullo (4.117) e xuño (3.050).

Balance positivo

Hostaleiros e empresarios da vila fixeron un balance “moi positivo” do Xacobeo. “Se non fora polos peregrinos, este ano estaríamos practicamente na ruína”, aseguraron varios propietarios de establecementos hostaleiros.

De tódolos xeitos, os comerciantes quéixanse de que os camiñantes gastan pouco nas localidades e focalizan as súas

compras en Santiago. A tardía apertura do reformado albergue afectou ás vendas nos comercios da vila.

De todo o mundo

Viñeron peregrinos chegados de tódolos países de Europa e de América e de sitios tan lonxanos e peculiares coma Indonesia, Malasia, India, Iraq, Irán, Cabo Verde, Angola, Sudáfrica ou Exipto.

Na Oficina de Turismo recibiron a visita de personaxes coñecidos como as dúas cantantes do grupo Abba.

Peche

Fomento aproba o estudo informativo do tramo da autovía que pasa por Melide

O Ministerio de Fomento aprobou o pasado 11 de xaneiro o estudo informativo do tramo da autovía A-54 Arzúa-Palas de Rei, que discorre polo concello de Melide, segundo publicou o Boletín Oficial do Estado (BOE). O proxecto ten un orzamento base de licitación de 188,92 millóns de euros, sen IVE.

O trazado aprobado definitivamente é a alternativa 4, que discorre ao sur da localidade melidense. Deste xeito dase o visto bo ó traxecto pactado entre os ministerios de Fomento e Medio Ambiente e a Consellería de Medio Rural hai uns meses.

No tramo, de 28 quilómetros, Fomento prevé a execución de nove viadutos cunha lonxitude total de 3,5 quilómetros e a construción de tres enlaces. Un deles será en Remonde (Palas de Rei), moi preto da aldea melidense do Coto. Este será a principal vía de comunicación co polígono industrial da Madanela. O segundo enlace será a uns 300 metros ao sur do campo de fútbol de Melide, que dará ac-

ceso ao casco urbano, e o terceiro será na intersección Santiso-Melide-Arzúa, o coñecido como “cruce dos oitos”, na aldea de Visantoña.

Unha vez aprobado o estudo informativo, Fomento terá que redactar os proxectos de execución e licitación do trazado.

O tramo Arzúa-Palas de Rei é o último en executarse, xa que o resto dos tramos atópanse xa en fase de execución das obras.

Satisfacción en Melide

Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia comunicou ao Concello de Melide este novo paso na consecución da autovía. Dende o consistorio, o primeiro tenente de alcaldesa, Manuel Prado, amosou a súa satisfacción “porque se estean dando por fin os pasos necesarios para que se desbloquee o tramo da autovía que afecta a Melide, e que esta vila precisa urxentemente como un factor importante para o seu crecemento. A veciñanza de Melide, que loitou activamente para conseguir a autovía, tamén valora este paso.

Charamela representou varias obras nos concellos da comarca ao longo do Nadal



O grupo de teatro da Asociación Cultural Charamela de Melide representou dúas obras en sendos concellos da comarca nestas datas de Nadal.

A primeira actuación foi en Melide, o día de Reis, onde interpretaron ‘Unha historia de Nadal’. O día 8 desprazáronse ata o concello de Toques para escenificar a obra ‘Dous vellos

e unha soa soidade’.

En ámbolos dous casos, as interpretacións tiveron moi boa acollida por parte do público, que sempre respaldou a este grupos de teatro afeccionado.

A melidense Patri Méndez grava o seu primeiro disco



A artista melidense Patricia Méndez Asorey está a gravar o seu primeiro disco, no que incorpora cancións de estilo pop e tamén tres pezas de música clásica, apoiadas por instrumentos como o violín, a frauta e o piano. A gravación estase a facer no local de ensaio de Me-

lide, onde se realizan os traballos de mesturas de son e voz e edición do disco.

Patri Méndez fíxose coñecida a raíz de participar nos últimos meses nun concurso musical do programa Luar da Televisión de Galicia, como representante de Galicia centro.

Supresión do Noitebús: qué irresponsabilidade!

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo

Quero compartir cos lectores do Cerne a miña ledicia porque puiden ler nun establecemento da vila de Melide que continuará ofertándose un servizo de transporte para o sábado noite. A iniciativa da Asociación de Empresarios Terra de Melide atopou apoio no actual goberno do Concello de Melide, que segundo as fontes consultadas subvencionará o 10% dos custos de cada sábado. Sen embargo, non podo saír do meu abraio cando entre as entidades colaboradoras non aparece o logo de ningunha consellería, dirección xeral... da nosa querida Xunta. A miña ledicia, podo confesarlles, transformouse en incredibilidade.

O Noitebús pechou os seus servizos e dende o goberno galego aludiuse que era un servizo “adicional” ante a actual conxuntura na que os orzamentos se viron reducidos nunha porcentaxe considerable e, polo tanto, non se considerou prioritario; ademais, outras voces achegadas ao actual goberno galego referían que o Noitebús era un servizo con escasa rendibilidade.

A decisión de non continuar co Noitebús responde a unha decisión de criterio político, e non de rendibilidade, ou son rendibles outras iniciativas nas que a Xunta estampa o seu logo como colaboradora ou subvencionadora? Esta pregunta non podo máis que respondela baseándome no exemplo paradigmático do pouco rendible que é a Cidade da Cultura e seguen a investirse millóns de euros en continuada, e podería encher centos e miles de páxinas de programas, proxectos e instalacións que dan perdas ou incluso se deixan esmorecer porque despois non hai orzamentos para mantelas.

Que non nos leven a engano, porque os partidos que gobernan as nosas institucións non están pensados para obter rendibilidades económicas, senón para xestionar os cartos dos tributos recadados aos cidadáns e empresas co fin de que a rendibilidade, se ten que ser dalgún tipo, sexa social. A aposta por axudar, financiar ou investir nun tipo ou outro



de iniciativas non responde máis que a unha decisión de corte político, de ideario de partido, de proxecto de país ou de bondades que é preciso ter ben achegadas.

Queridos lectores do Cerne, podo comprender, aínda que non comparta, que non se atope prioritario subvencionar o Noitebús, pero non podo alcanzar a entender que non colabore con iniciativas como a dos empresarios de Melide para que continúe un servizo semellante que está pensado para o ben común. O Noitebús finou porque alguén o decidiu. Non se cavilou que poden existir outras fórmulas se é que as arcas públicas non dan máis de si.

Pois ben, a iniciativa dunha asociación dunha pequena vila do interior do país foi quen de pór en marcha un servizo semellante ao reducido prezo de 3 euros en vez dos 2,50 dos últimos meses, co atractivo slogan “Móvetes a Melide”. O Noitebús non era de balde, pagábase entre os usuarios e a subvención dunha parte do servizo pola Xunta.

Son perfectamente conscientes de que a citada iniciativa da Asociación pode deberse ao obxectivo de que non descendan o número de visitantes á vila durante as fins de semana e festas; un obxectivo moi loable porque cada quen ten que defender o xeito de gañar o pan. A pesares deste obxectivo, atopámonos tamén con outros, como a seguridade vial e, para min o

máis significativo, a tranquilidade dos pais e das nais que quedan na casa e poden conciliar o sono que noutrora o tremor de corazón lles impedía ata que oían a porta e os seus fillos e fillas chegaban unha noite máis.

Eu estou canso de ver as bágoas de moitos pais, nais, irmáns, avós, amigos e amigas... debido a que ocorreu un accidente e faleceu un mozo, unha moza ou catro. Un sempre espera non saír nas arrepiantes novas do domingo, pero non se está libre desta lacra que supoñen os accidentes de tráfico e principalmente os accidentes do sábado noite. Tamén sei que o Noitebús non deixa de ser un parche e o “virus” non se extermina con el, que o fondo da cuestión é outro, pero despois de tantos anos de bágoas aínda non se conseguiu exterminar as raíces.

Seguramente o Noitebús non resolva o problema social dos accidentes nas noites de lecer, pero todas as medidas preventivas son poucas co fin de que a unha nai e a un pai non os esperten ao amencer dicíndolles que o seu fillo ou filla está grave, ou que finou, ou que simplemente tivo unha pequena contusión debido a un accidente.

Hoxe en día a tranquilidade tamén ten un prezo, e se iniciativas como a tomada pola Asociación de Empresarios da Terra de Melide serve para xeral, asegúrolles que centos de nais e pais estarán agradecidos eternamente.

Palabras de agradecemento



Antonio Mourelle na homenaxe que lle fixo o pobo de Melide



Representación escénica e musical na igrexa de Melide

Querido Don Antonio: cando Don José Manuel Melle lle propuxo a celebración desta convivencia, aceptou poñendo como condición que tiña que ser algo sinxelo e sen discursos, pois só lle interesaba estar coa xente e ao calor da xente.

Pois ben, a xente aquí está, aquí estamos todos, incluso os que por algunha razón non poideron vir. Estamos todos porque vostede tivo sempre a grande virtude de ser o cura de todos e dunha maneira especial dos máis necesitados.

Ademais de cura soubo ser amigo, soubo escoitar, comprender, facerse coa amizade dos máis novos, saber o que facían, onde estaban, para ver en que podían axudalos. Soubo aceptar, entender e axudar aos drogadicitos. Soubo estar sempre ao carón dos que máis sufrían, dos enfermos, dos moribundos. Soubo convivir cos distintos grupos de xente. Soubo como ninguén acoller aos peregrinos poñendo a súa propia vivenda a disposición deles durante moitos anos. En definitiva, foi

o cura, o amigo e o conselleiro de todos.

Don Antonio, o pobo de Melide está hoxe aquí para corresponder, coa súa presenza, a súa xenerosidade durante tantos anos. Para expresarlle o noso agradecemento e dunha maneira especial para pedirlle que sexa feliz, pois ten o dereito e a obriga de disfrutar, porque sempre foi fiel á súa vocación e ao evanxeo. E que sexa feliz, sabendo tamén que en Melide sempre haberá alguén que pense e fale de vostede.

Escoiteille dicir moitas veces que sempre quixo ser cura e que nunca se arrepentiu do camiño escollido, un camiño que esixe xenerosidade e sacrificio. Deus é xeneroso cos xenerosos e vostede foino co noso pobo, o pobo de Melide. En nome de Melide, moitas grazas.

*Texto lido na homenaxe tributada a Antonio García Mourelle, ex-párroco de Melide, no momento da súa xubilación e á que asistiron centos de feligreses da localidade.

S.O.S. no rural galego por falta de mulleres

Xosé Núñez López

A mediados do pasado ano 2009 xa deron nalgúns medios de comunicación escritos o sinal de alarma sobre a falta de mulleres no mundo rural, con titulares coma éste: ‘A muller, clave na loita contra a despoboación’. Tamén na televisión, co ‘reality show’ ‘Granjero busca esposa’.

Incluso os doctos demógrafos do CSIC avisaban que o número de habitantes actualmente nos pobos, xa de por si minguido, presenta unha desproporción significativa entre os dous sexos, porque a tendencia é que os homes herden as propiedades e terreos e que as mulleres vaian estudar á cidade, co resultado de que a muller está moito máis formada có home e normalmente casa e queda a vivir na cidade.

Tamén se dicía xa entón que a muller foi o piar tradicional da transmisión da cultura entre xeracións, e por iso os expertos atribúen en grande parte a perda da cultura rural, non só polo feito da despoboación en xeral, senón no abandono do campo por parte da muller.

Pero agora máis recentemente, no pasado mes de decembro, un xornal da nosa comunidade volta a poñernos en garda cun titular tal como: ‘En perigo medio centenar de concellos por falta de mulleres’, dicíndonos que a falta de mulleres é un andazo que vai a máis no rural, acadando ese desequilibrio entre homes e

mulleres a 68 concellos galegos, cuxa circunstancia vai en contra do relevo xeracional.

Ante un futuro incerto, indícase que a muller emigra máis có home, quedándose éste nas explotacións agrarias, porque a muller rexeita cada vez máis a vida do campo.

Polo tanto, o avellentamento da poboación e a emigración das mulleres ás cidades son os factores máis importantes neste fenómeno de falta de mulleres no rural galego.

En Visantoña (Santiso) xa viñamos falando hai tempo deste problema de falta de mulleres na nosa parroquia, porque temos unha importante cantidade de homes ‘en idade de merecer’ e ben plantados, sen que haxa forma de que se casen.

Xa tiñamos proxectado organizar unha traída -ademais da auga para as casas, que boa falta fai- de mulleres. De momento sería un autocar cargado delas, a ver se algún pillabán destes, que viven moi tranquilos, se namora de verdade e, de paso, hai algúns rapaces máis na Escola de Música e máis na outra, que xa logo hai máis mestres que rapaces.

Estamos investigando para saber onde haberá mulleres en cantidade e calidade para intentar repoboar de novo a parroquia, como era antes, cando se dicía que a cada home nos tocaba unha muller e media.

A gran mentira do Catasol

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Con setembro chegou o fatídico e tristemente recordado día 11.

Hai tres anos e tres meses, a inoperancia humana -dende o plano administrativo, político e empresarial- causaba a maior traxedia coñecida nos ríos de Melide.

Tres anos e tres meses despois, os causantes do desastre, salen absoltos.

Tres anos e tres meses despois, non hai culpables.

Tres anos e tres meses despois, a empresa Porcícula Trasmundi S.L. segue xenerando ganancias.

Tres anos e tres meses despois ninguén ten responsabilidades nin o Primeiro Tenente de Alcaldesa, o Sr. Manuel Prado. Non esquecemos a súa baixeza coas célebres frases:

1. O Concello de Melide vaise personar como acusación particular.
2. Caerá todo o peso da lei sobre os responsables do delito.
3. Non podemos permitir que actos así queden impunes.

Pois tres anos e tres meses despois, algúns non esquecemos e volvémonos solidarizar coa Asociación de Troiteiros Río Furelos (exemplar nas súas actuacións en defensa do río e do medio ambiente), e co colectivo de pescadores que asistiu horrorizado á matanza do mítico río Catasol.

Os últimos anos son unha auténtica lacra para os ríos de Galicia e da nosa terra. Ulla, Verdugo, Furelos, Catasol, Lengüelle e outros moitos máis, sufriron nas súas augas agresións inxustificables. Tamén é certo, que nalgúns

ocasións foi o infortunio o desencadenante da mortalidade de troitas e toda a vida piscícola, pero a maioría dos casos debemos falar de depuradoras que non funcionan, non existen (como no caso do polígono da Madanela de Melide), de escapes de cloro, de verquidos incontrolados, de purinazos...É dicir, da man do home.

Dicía certo político, afortunadamente purgado polas urnas, que antes tamén había verquidos pero que non se daban a coñecer á opinión pública. O argumento parece intolerable porque o propio suxeito tamén gozaba dos privilexios que utiliza a administración para tapar este tipo de noticias.

Na actualidade, e dende hai anos, os medios de comunicación fanse eco e as redes sociais en Internet xeneran opinión. Un político que tente tapar ou minimizar unha mortalidade ou un verquido está cabando a súa propia tumba. O que debe de facer o poder político é intentar impedirlos e, a ser posible, previlos e evitalos.

Tres anos e tres meses despois, a desidia -eu digo chullería- da administración e Concello e a soberbia da privada provocaron que o desastre do Catasol quede impune. Debemos, todos (pescadores e veciños) seguir recordando tan lamentable suceso para que non se baixe a garda, para que os sistemas de vixilancia sigan activos, para que o colectivo de pescadores non se vexa agredido unha e outra vez, para que os ríos sexan unha corrente de auga limpa e de

vida e para que a lei caia con toda a súa dureza contra aqueles que se pasen da liña e tamén contra quen non cumpren o que xuraron ou prometeron.

Tres anos e tres meses despois, é necesario modificar a Lei de Pesca -boa no seu momento- xa que o capítulo sancionador debe ser endurecido no fondo e na forma, en calidade e cantidade. Nós sufrimos unha normativa dende o ano 1992 que pide a berros unha remodelación, e non só de chapa e pintura.

Esta semana, o Catasol será noticia por este terceiro aniversario. Non se lle dedicaran grandes titulares nos medios, que o país ten outras preocupacións máis importantes, acuciantes e prioritarias, e ademais non temos a ninguén que nos represente asumindo e divulgando a significación de tan luctuosa data. Isto é o verdadeiramente lamentable para os pescadores melidenses e galegos, que aqueles que terían que estar liderando a operación de recordar a matanza e esixir responsabilidades, seguen pasando olímpicamente da pesca e do colectivo de pescadores, e por engadido dos veciños de Melide que se vitron desamparados.

Lembrarlles aos nosos políticos que están todos baixo xuramento ou promesa de defender sempre a xustiza e a lei.

Nota: Aínda estamos a esperar do xuízo do verquido de alquitrán causado por un camión sen seguro, ITV, etc. Falaremos noutra ocasión.



**Asociación
de Empresarios
Terra de Melide
Centro Comercial
Aberto**

*Mercar en Melide
todo un acerto*

AXENDA XANEIRO

-os luns: obradoiro de psicomotricidade ‘Xogamos co baile’ para a terceira idade. Todos os luns de 17.30h a 18.30h durante dous meses no Centro Social.

-martes 18: comeza en Sobrado un curso de informática para tódalas idades. No Edificio Multiusos.

-xoves 20: data límite para inscribirse no curso de creación de empresas da Rede Xiana en Toques.

-sábado 22 e domingo 23: festas do San Sebastián en Barazón e Chorén (Santiso). Sábado 22: actuacións do grupo Bluestar e da Orquestra Venezia. Domingo 23: Orquestra Galilea. Habará carpa.

-martes 25: data límite para a entrega de números premiados na campaña de Nadal de Asetem-Cca.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20
Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados:10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40

TOQUES - MELIDE

(Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES

(Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide:12.30
Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
Bombeiros	080
Incendios Forestais	085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

SERVIZOS E INSTITUCIÓN

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantoña	981510749
Xulgado de Paz	981 818501

TRANSPORTES

RENFE	
Nacional	902240202
Santiago	981596050
Autobuses	
A Coruña	981239099
Santiago	981542416
Aeroportos	
A Coruña.	981187200
Santiago	981547500
Vigo	986268200

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

SANTIAGO QUINTÁS CARREIRA, MELIMÁTICA

“A nosa filosofía é aconsellar e dar un trato personalizado ós clientes”

Sen arriscar non se gaña. Foi o que lle aconteceu a Santiago Quintás, que tiña un pequeno taller informático na súa casa de Palas de Rei e decidiu ampliar horizontes montando unha tenda en Melide. Dende aquela pasaron uns seis anos e, aínda que reconece que os comezos foron bastante difíci-

les, amósase satisfeito pola evolución da empresa. Melimática vende, repara e realiza a asistencia técnica de todo tipo de materiais informáticos. Santiago amósase optimista de cara ó futuro, sobre todo despois do cambio de ubicación da tenda. “Sairemos da crise coa cabeza mellor amoblada”.

-Unha pequena oficina na súa casa foi o xermolo do actual negocio

-Tiña unha pequena oficina na casa familiar, en Palas, onde me adicaba á reparación de equipos informáticos. Unha vez que fun adquirindo experiencia e tiven clientes, decidín arriscar e montar un negocio propio coa miña muller.

-Por que escolleron establecerse en Melide?

-Tiñamos varias opcións. Melide atrae a moita xente de concellos de arredor. Estudamos o mercado e naquel momento, no 2004, non había ningunha tenda de informática, polo que pensamos que nos ía ser máis fácil comezar.

-Aínda así, os comezos sempre son duros

-Si. Custounos bastante arrancar. Non eramos de Melide ningún dos dous e, aínda que eu tiña clientes en Palas, non coñeciamos a ninguén a nivel empresa na vila. Agora estamos moi contentos co trato que nos dou a xente.

-Como evolucionou o negocio dende aquela?

-Melloramos moito. Agora estamos manexando unha carteira de máis de mil clientes ós que facturamos, máis os que nos compran produtos de consumo habitual.

-Trasladaron a súa tenda de ubicación. Como foi o cambio?

-Hai uns seis meses cambiámonos da rúa Rosaleda á rúa Otero Pedrayo. Penso que saímos gañando. Esteticamente, o local está moito mellor que o anterior e ademais está moi ben situado, aínda que haxa xente que nos di que antes estábamos máis céntricos.



Santiago Quintás na nova tenda de Melimática, na rúa Otero Pedrayo

-Venden todo tipo de equipos e material informático

-Traballamos con tódalas marcas a través de distribuidores. Se non temos o produto, conseguímolos. Tamén traballamos consolas e xogos e todo tipo de aparellos periféricos e consumibles de informática. Proporcionamos información sobre software e instalamos TPVs en comercios e hostelería.

-Fan reparacións e mantemento de equipos para particulares e empresas

-No caso das reparacións, as que non podemos facer aquí, traballamos con empresas especializadas. Ó cliente non lle custa nada saber se o seu equipo é reparable e lle merece a pena facelo. Tamén le-

vamos a asistencia técnica a empresas. Non facemos contratos de mantemento anuais porque hai empresas ás que non lle compensa. Nós atendémolas cando teñen o problema. Ademais, ofrecemos un servizo de recuperación de datos perdidos.

-Que é o que máis se vende?

-Dende hai uns anos o ordenador portátil lidera as vendas. As prestacións equipáronse moito ás dos equipos de sobremesa. A única vantaxe que teñen é que se poden mover, o resto son inconvenientes, porque as reparacións son moito máis custosas e moitas veces non se poden facer.

-Que hai que ter en conta á hora de mercar un orde-

nador?

-Primeiro saber para que persoa é e para qué o necesita, e escoller entre portátil ou de sobremesa. O resto é cuestión de estética, porque a prezos semellantes as prestacións son as mesmas.

-A informática avanza a un ritmo espectacular

-Avanza demasiado respecto ó que demanda a xente. Non necesitamos tantas prestacións como nos dan. Precisamos o ordenador, pero non lle damos uso a tódalas prestacións.

-Como palían a competencia das grandes cadeas?

-Non é imposible competir con elas. Temos a idea de que mercar nestes establecementos é máis barato. Pero hoxe en día as marcas prefixan un

“A informática avanza máis do que o público pide, non se usan todas as prestacións que trae un equipo”

“Que as grandes cadeas son máis baratas é falso, teñen ofertas concretas pero no resto son máis caras”

prezo para os seus produtos e as grandes cadeas soen aumentar estes prezos. Teñen grandes ofertas, pero son para unidades limitadas. Teñen bos prezos en certos produtos pero outros son máis caros.

-No trato ó cliente tamén hai bastante diferenza

-A nosa filosofía é dar un trato personalizado ó cliente e aconsellalo, aínda que ás veces vaia na nosa contra. Prefiro dicirlle que non gaste un diñeiro nunha reparación dun equipo porque non ten tódalas garantías de que lle quede ben e por un prezo similar pode ter un coas mesmas prestacións ou mellor. Prefiro explicar as cousas e que o cliente valore por el mesmo. É a vía pola que optamos e danos moi bos resultados.

MELIDE MELLORA A SÚA IMAXE



**CONCELLO
DE MELIDE**

Obras en máis de 45 rúas da vila en só tres anos fixeron que mellorarara notablemente a imaxe de Melide e a vida dos veciños e veciñas que viven nelas.

